



ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 1292/2024, de data 04.10.2024, rectificouse a resolución da alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ARQUITECTO/A E DUNHA LISTA DE ASPIRANTES PARA O NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE POSTOS/PRAZAS DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE FENE.

Expediente: 2024/E001/000017

En data 01.10.2024 ditouse a Resolución da Alcaldía (R.A.) núm. 1283/2024 pola que se aprobou a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a creación dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a (grupo: A, subgrupo: A1, escala de administración: especial, subescala: técnica) e dunha lista de aspirantes para o nomeamento como funcionario/a interino/a de postos/prazas de arquitecto/a técnico/a (grupo: A, subgrupo: A2, escala de administración: especial, subescala: técnica).

No punto sexto da dita R.A. núm. 1283/2024 resolveuse “Convocar ao tribunal à súa sesión constitutiva que terá lugar o día 08.09.2024 às 09.00 horas en sesión telemática e notificar esta resolución ao dito tribunal”.

Advertido un erro tipográfico e material na data, procede a rectificación do mesmo, ao abeiro do artigo 109.2 da LPACAP (Lei 39.2015) que establece que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto o que antecede, consonte ao disposto nas bases quinta e sexta das reguladoras do proceso de selección e à competencia da Alcaldía establecida no artigo 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro tipográfico e material da Resolución da Alcaldía núm. 1283/2024 de xeito que:

- Onde di: “Convocar ao tribunal à súa sesión constitutiva que terá lugar o día 08.09.2024 às 09.00 horas en sesión telemática e notificar esta resolución ao dito tribunal”.

- Debe dicir: “Convocar ao tribunal à súa sesión constitutiva que terá lugar o día 08.10.2024 às 09.00 horas en sesión telemática e notificar esta resolución ao dito tribunal”.

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncio e na páxina web do concello.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 04.10.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

0-0
09E
150
P-
E-
10